



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)  
correo@sansadurnino.dicoruna.es  
R.E.L. n\_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560-SAN SADURNIÑO  
Telf.: 981 495 205-Fax: 981 490474

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA** **POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 28/06/2008.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Fernando Márquez Hermida.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José RomeroLedo.

Concelleiro ausente:

D. José Serafin Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e dous minutos do día vinteito de xuño de dous mil oito, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde. Antes do inicio da sesión, o Sr. Alcalde explica que a data da sesión ordinaria adiantouse unha semana coa conformidade dos representantes dos outros grupos políticos, debido a que algúns dos acordos a adoptar neste pleno teñen certa urxencia.

Iniciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

### **PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día un de marzo do presente ano dous mil oito. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación á aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

### **SEGUNDO. ELEVACIÓN A DEFINITIVO DE ACORDO DE PRÓRROGA NA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA DEPUTACIÓN.**

Dase conta do expediente tramitado para acordar unha prórroga na vixencia da delegación de competencias en materia tributaria, segundo o acordado polo Pleno na súa sesión do pasado día 1 de marzo, e de que, tras a publicación dese acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 70, do día 27 de marzo, non se presentou reclamación ou alegación algunha, polo que se considera procedente a súa elevación a definitivo. A proposta correspondente foi favorablemente dictaminada pola Comisión Informativa competente do Concello, antes de adopción do acordo de aprobación inicial.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)  
correo@sansadurnino.dicoruna.es  
R.E.L. n\_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560-SAN SADURNIÑO  
Telf.: 981 495 205-Fax: 981 490474

membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu numero legal de membros, acorda elevar a definitivo o acordo adoptado na referida sesión do 1 de marzo de 2008, punto cuarto, de prórroga ata o un de xaneiro de 2022 das delegacións de competencias en materia tributaria realizadas por este Concello na Deputación Provincial da Coruña e que rematarían orixinariamente o primeiro de xaneiro de 2012.

### TERCEIRO. ACORDO DE ADHESIÓN Ó PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DE FERROL E Á SÚA ASOCIACIÓN IMPULSORA.

Dase conta polo Sr. Soto do expediente tramitado para a incorporación a este pacto territorial, que define como un órgano de participación institucional para a xestión conxunta dos recursos da zona en materia de emprego, prestando especial atención á mellora da situación dos colectivos con risco de exclusión social. Di que haberá 15 destes Pactos que comprenderán toda Galicia, en desenvolvemento das competencias da Xunta en materia de lexislación e normativa laboral. Explica de seguido o Sr. Soto aspectos destacados relativos á composición, modo de funcionamento, con voto ponderado, e órganos de goberno dese Pacto, do que xa forma parte San Sadurniño, indicando que na súa xuntanza constitutiva, celebrada o día 3 de xuño e á que asistiu en representación do Concello por delegación do Alcalde, foi elixido presidente o Alcalde de Ferrol. Polo referido á asociación impulsora, é preciso acordo plenario para formar parte da mesma, e as súas funcións, no mesmo ámbito competencial, centraríanse no traballo de campo e a selección e priorización dos recursos. O Concello formaría parte da Xunta Directiva desta Asociación.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Bedoya toma a palabra de seguido para dicir que non sabe moi ben se se trata dun engadido ó Plan Ferrol, porque parece que cada certo tempo se impulsa un pronunciamento similar, sen que ata o de agora serviuse de moito ningún deles, pola falla de confianza da xente e os escasos resultados obtidos. Sen embargo, o seu grupo apoiará a proposta, porque entenden que é preciso impulsar cantas iniciativas tendan a mellorar a situación do emprego nesta zona.

O Sr. Márquez tamén manifesta o seu apoio á iniciativa de que se trata.

O Sr. Soto interven de novo para dicir que esto non ten nada que ver co Plan Ferrol, que se trata dunha iniciativa impulsada pola Xunta, que ten un carácter innovador e que pode servir para velar polos intereses desta zona, tratando de non prestar atención exclusivamente ós grandes asentamentos urbanos, como Ferrol ou Narón, senon tamén ó rural.

O Sr. Alcalde indica que a proposta do grupo de goberno é que o representante do Concello no Pacto e na súa Asociación impulsora sexa o Sr. Soto, sendo o mesmo Sr. Alcalde o suplente.

Seguidamente, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu numero legal de membros, acorda:

1º.- Notificar ao Conselleiro de Traballo, D. Ricardo Jacinto Varela Sánchez a adhesión ao Pacto territorial de emprego de Ferrol, segundo se reflicte no apartado 2º do artigo 4º do Decreto 98/2008, do 15 de maio, polo que se crean e regulan os órganos consultivos denominados pactos territoriais de emprego.

2º.- Nomear como vogal na asemblea xeral do Pacto territorial de emprego de Ferrol en representación do Concello de San Sadurniño ó Conselleiro de Facenda, Desenvolvemento Local e Deporte, D. Jesús Manuel Soto Vivero, e suplente ó Sr. Alcalde, D. Secundino García Casal, cumprindo co reflectido no apartado 1º do artigo 5º do referido Decreto 98/2008.



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)

correo@sansadurnino.dicoruna.es

R.E.L. n\_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.

15560-SAN SADURNIÑO

Tel.: 981 495 205-Fax: 981 490474

3º.- Dispoñer a incorporación deste Concello á Asociación de Impulso do Pacto Territorial de Ferrol, facultando a tal efecto ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, para a realización dos trámites e a sinatura dos documentos precisos a tal finalidade. O representante deste Concello nos órganos de goberno da Asociación será igualmente ó Concelleiro D. Jesús Manuel Soto Vivero, e o seu suplente, o Sr. Alcalde.

#### CUARTO. ACORDOS SOBRE ADHESIÓN Á REDE GALEGA DE CONCELLOS POLA SUSTENTABILIDADE.

Explícase polo Sr. Alcalde que este é o asunto que determinou o adiamento da data do presente pleno, xa que a data límite para a solicitude de adhesión á Rede remata o día 4. A Xunta de Goberno Local xa adoptou, na súa sesión do pasado día 23 de xuño, o acordo de solicitar a adhesión deste Concello á Rede de que se trata. Di tamén o Sr. Alcalde, que do que se trata é de poñer en práctica as previsións contidas nos estudos sobre sostibilidade e Axenda 21 Local realizados ata a data, superando dese xeito a etapa dos preparativos, resumindo de seguido o contido da exposición de motivos da Orde do 23 de maio, da Consellería de Medio Ambiente, que crea a Rede de que se trata e establece os criterios de adhesión á mesma no seu artigo 2º. No apartado 6 dese artigo ven prevista a necesidade de designar un vogal representante do Concello na Asemblea Xeral da Rede, e a proposta do grupo de goberno é que o representante sexa o Sr. Alcalde, e que teña como suplente ó Concelleiro Sr. Márquez.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Bedoya toma a palabra para dicir que ó seu grupo parécelle ben a proposta e que non ten obxeccións que formular en principio, xa que do que se trata é de continuar na liña que o seu goberno iniciou con iniciativas como a Axenda 21 Local.

O Sr. Márquez manifesta igualmente o seu apoio á proposta de que se trata.

Seguidamente, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda solicitar a adhesión á Rede de que se trata, designando como vogais titular e suplente ás persoas antes indicadas, e facultando ó Sr. Alcalde Presidente, tan amplamente como sexa preciso, para a cumplimentación e sinatura dos documentos precisos a tal finalidade.

#### QUINTO.- TOMA DE RAZÓN E RATIFICACIÓN, NO SEU CASO, DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Dase conta da acta da comisión seleccionadora para a provisión dunha praza de educadora familiar, mediante concurso de méritos, cuxos custos sociais financiaranse parcialmente pola Deputación Provincial, propoñendo o nomeamento de María Pilar Calvo Pico que, previa sinatura do correspondente contrato laboral, xa comezou a prestación dos seus servizos ó Concello.

Dase conta de seguido da acta da comisión seleccionadora para a provisión dunha praza de dinamizador da sociedade da información, mediante concurso de méritos e cuxos custos sociais financiaranse mediante convenio coa Consellería de Innovación e Industria, propoñendo o nomeamento de Ana María Bouzamayor Galdo que, previa sinatura do correspondente contrato laboral, xa comezou a prestación dos seus servizos ó Concello.

Dase conta de seguido da aprobación pola Xunta de Goberno, na súa sesión do pasado día 2 de xuño, da oferta pública de emprego deste Concello para 2008, integrada por unha praza de persoal laboral fixo, operario de maquinaria municipal, e outra de persoal funcionario, da categoría



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)

correo@sansadurnino.dicoruna.es

R.E.L. n\_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.

15560-SAN SADURNIÑO

Tel.: 981 495 205-Fax: 981 490474

de administrativo de administración xeral, vacantes na plantilla de persoal do Concello.

Dase conta finalmente da adxudicación provisional efectuada pola Xunta de Goberno, na mesma sesión do 2 de xuño, das obras correspondentes ó POS 2008, segundo se indica no anuncio publicado no BOP do pasado día 21 de xuño.

A Corporación queda enterada e conforme co contido dos referidos acordos.

URXENCIA. Antes de pasar ó sexto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non tendo o grupo da oposición proposta algunha que prantexar de asuntos urxentes, toma a palabra o Sr. Soto, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha moción relativa á directiva sobre tempo de traballo na Unión Europea, manifestando o rexeitamento do seu grupo á proposta de que se trata, que ademáis de supor un retroceso nos dereitos das persoas traballadoras, dificultaría tamén a conciliación entre a vida laboral e a familiar

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

#### URXENCIA-PRIMEIRO.- MOCIÓN SOBRE A DIRECTIVA DO TEMPO DE TRABALLO NA UNIÓN EUROPEA.

O Sr. Soto pasa a ler a moción de que se trata, que literalmente di:

"O pasado 9 de xuño en Luxemburgo, os ministros e ministras de Traballo dos 27 Estados da Unión Europea aprobaron, por maioría cualificada, a proposta de modificación da Directiva Europea sobre Tempo de Traballo.

Entre as modificacións previstas está a de incrementar a xornada laboral semanal, superando as 48 horas actuais, que poderá chegar até as 60 horas semanais e, no caso dos traballos con gardas, até as 65 horas. Estas xornadas poderán facerse en cálculo trimestral, co cal as horas semanais aínda poderán ser máis, xa que o único requisito para este incremento de xornada é un acordo individual entre a empresa e o traballador ou a traballadora.

Esta proposta do Consello de ministros e ministras de Traballo da UE chega logo de catro anos de debates e seis intentos frustrados, e racha con toda unha traxectoria, moi anterior á creación da UE, de redución das xornadas laborais.

Claro que tamén debemos destacar o apoio decidido do PSOE a esta modificación, co significativo abandono no transcurso da reunión onde se acordou do ministro español de Traballo, e a abstención na votación da delegación do Goberno español, que resulta aínda máis grave.

A loita pola minoración da xornada é unha constante da historia do movemento obreiro. A finais do século XVIII e comezos do XIX, os traballadores e traballadoras facían xornadas de até 16 horas diarias, dando lugar ao "Movemento polas dez horas" que, logo de anos de protesta, consegue as dez horas laborais, aprobada polo Parlamento inglés en 1847, cumpríndose inicialmente só para homes menores de dezaioito anos e mulleres de calquera idade;



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)

correo@sansadurnino.dicoruna.es

R.E.L. n. 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.

15560-SAN SADURNIÑO

Tel.: 981 495 205-Fax: 981 490474

posteriormente, en 1874, xeneralizouse a todos os traballadores e traballadoras o límite máximo de 10 horas ao día. E agora a xornada proposta polos ministros e ministras da UE vólvenos a aquela data do ano 1847.

A primeira regulación que abarcou unicamente á duración da xornada laboral foi na Conferencia Xeral da Organización Internacional do Traballo (OIT), hai 91 anos, na que se acordou unha xornada de 8 horas ao día e 48 horas á semana. E en 1983, aprobouse no Estado Español, que a xornada máxima sería de 40 horas semanais.

Para o BNG, esta proposta dos ministros e ministras de Traballo da UE, é o maior retroceso social dos últimos anos e vai no camiño contrario dos logros que, logo de moitos anos de loita sindical, dábanse por consolidados.

Cada vez máis a desregularización do mercado laboral, dende normativas ou sentenzas europeas, incide negativamente nas conquistas sociais dos traballadores e das traballadoras galegas.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte ACORDO

1.- Rexeitar a proposta de modificación da Directiva sobre Tempo de Traballo realizada, o pasado 9 de xuño, pola maioría cualificada de ministros e ministras de Traballo da Unión Europea.

2.- Trasladar este acordo á Presidencia do Goberno do Estado, á Presidencia do Parlamento Europeo e a todos os Grupos Parlamentares que conforman a Cámara Europea.

3.- Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno Central demandándolle que manteña en todas as reunións oficiais que se celebren sobre esta problemática unha posición claramente contraria a modificación desta Directiva."

O Sr. Bedoya toma a palabra para dicir que o seu grupo está de acordo co contido da moción, que a ampliación acordada parteu dunha proposta do partido laborista inglés e que o ministro Corbacho ausentouse da votación; que esa modificación é contraria ó que establece o Estatuto dos traballadores e que non hai razón para cambios neste momento. Di tamén que en lugar deste tipo de medidas, deberíase incrementar o investimento en investigación e desenvolvemento, e tamén na mellora da produtividade, e remata criticando ó Goberno porque entende que non deu a cara neste asunto, tratando de disimular a súa postura coa abstención na votación.

O Sr. Márquez tamén manifesta a súa aceptación do contido da moción, rexeitando o que supoña perda de calidade de vida dos traballadores.

Seguidamente, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda a aprobación da moción de que se trata.

## SEXTO. ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra o Sr. Bedoya, para formular o rogo de que coa brevidade posible se repoñan as bandas sonoras para a limitación de velocidade na estrada AC-862, á saída do Outeiro en dirección a Moeche, tras a realización de obras de mellora do firme, para evitar posibles accidentes como os que ocorrían antes da instalación desas medidas de seguridade.



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)  
correo@sansadurnino.dicoruna.es  
R.E.L. n\_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560-SAN SADURNIÑO  
Telf.: 981 495 205-Fax: 981 490474

O Sr. Alcalde toma a palabra para dicir que o Delegado da Consellería de Obras Públicas, nunha recente visita, foi informado desa e doutras moitas peticións relativas ás competencias do seu departamento, como a instalación de pasos de peóns nese mesmo tramo de estrada, aínda que moitas das actuacións posibles veñen limitadas por cuestións técnicas. Menciona tamén as peticións de cesións dalgúns tramos de estradas autonómicas que se formularán diante da Consellería.

O Sr. Bedoya interven de novo para lembrar que xa existía un compromiso anterior por parte desa mesma Delegación Provincial, para a construción de beirarrúas na saída en dirección a Cornide. O Sr. Alcalde di que pronto se realizará nesa zona un área peonil que comprenderá tamén o entronque coa estrada de Pedroso, e que tamén se falou da mellora da seguridade vial en Lamas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e sete minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,